

**Xoves, 18 de decembro de 2008.** Revista oral de periodicidade trimestral, editada polo Museo Provincial de Lugo (Rede Museística da Deputación de Lugo). Hora: **20 horas**. Lugar: **Refectorio** do Museo Provincial. Duración aprox.: **1:30 h.** Deseño gráfico e animación dixital: **tatata**. Imaxe: **Suso Martínez** Coordina: **Antonio Reigosa**

O Museo Provincial de Lugo creouse por acordo da Deputación de Lugo o 29 de febreiro de 1932 e inaugurouse oficialmente o 10 de xaneiro de 1934. O *Pazo das musas* desexa vencellar a conmemoración do 75 aniversario coa dos 20 anos de andaina de **Achádego Teatro** dedicando parte dos contidos a esta agrupación teatral.

## SUMARIO

### Portada musical

Tema: *7ª onda de blues*.

Intérprete: **Tonhito de Poi** (3')

### Achádeo: 20 anos de historia

*Achádego, sementeira de soños*, por

**Camilo Gómez Torres** (10')

### Música

Tema: *Amor de guardería*.

Intérprete: **Tonhito de Poi** (3')

### Narración

*Un paxaro posible* (I), por **Paco Martín**

(7')

### Música

Tema: *Marinheira*.

Intérprete: **Tonhito de Poi** (3')

### Achádeo: 20 anos de teatro

Representación dun anaco de “*Confusión de María Balteira*”. Reparto: *Criada* (Beatriz Meilán), *Eusenda* (Tareixa Campo), *María Balteira* (Esther Pedrouzo) (10')

### Música

Tema: *Rasa Loba*

Intérprete: **Tonhito de Poi** (3')

### Narración

*Un paxaro posible* (II), por **Paco Martín**

(7')

### Música

Tema: *Pide non ter que pedir*.

Intérprete: **Tonhito de Poi** (3')

### Narración

*Un paxaro posible* (e III), por **Paco**

**Martín** (7')

### Achádeo: 20 anos de teatro

Representación dun anaco de “*O Libro de ler e desler*”. Reoparto: *Contadora* (Tareixa Campo), *Trasno Cazoleiro* (Esther Pedrouzo), *Diaño Bulreiro* (Laura Fernández), *Trasno Brincón* (Pepa Barrios), *Trasno de Pías* (Isa Herrero), *Trasno namorado* (Suso Meilán) (10')

### Música

Tema: *Veneno medicinal*.

Intérpretes: **Tonhito de Poi** (3')

### Opinión

Intervención do público asistente (3')

### Epílogo

Por **Aurelia Balseiro**, Directora do Museo Provincial de Lugo (3')

### Contraportada musical

Tema: *Rula e Machotinho*.

Intérpretes: **Tonhito de Poi** (3')

## Achádego Teatro

O 10 de decembro de 1988 **Achádego** estrea a súa primeira montaxe para celebrar o cuadraxésimo aniversario da Declaración Universal dos Dereitos Humanos. A obra escollida foi *A dobre historia do doutor Valmy* de Buero Vallejo, unha obra que pola súa temática achegaba ao público, dun xeito descarnado, a terrible experiencia da tortura. Logo da realización deste proxecto as persoas que o levaron adiante deciden formar un grupo estable de teatro afeccionado; así naceu *Achádego*. Uns meses máis tarde, ano 1989, monta o espectáculo de rúa *Os bandidos do mar* (en defensa da natureza), e pola noite de San Xoán de mesmo ano outra peza de rúa, *Enguedellos para o sotomundo*, baseada no limiar de *As Crónicas do Sochante* de Cunqueiro. En 1991 *Desaqueloutrados*, de Alonso de Santos (*Fuera de quicio*). **Achádego** foi o derradeiro grupo de teatro que actuou no Gran Teatro (1993); o reto consistía en representar diariamente varios fragmentos que o público puidese identificar con longametraxes famosas. Esta colaboración con **Fonmiñá** repítense nas edicións dos anos 2001 e 2002. Nos 20 anos de existencia **Achádego** sacou adiante máis de 30 proxectos escénicos, e colaborou con distintas asociacións da cidade e da provincia. Realizou centos de representacións en Galicia e noutras comunidades e países, sendo seleccionado e premiado en varios festivais.

## Gómez Torres, Camilo

(Quiroga, 1948). Residiu en Monforte de 1950 a 1977, ano no que se asentou en Lugo por razóns laborais. Doutor en Filoxoxía Románica Hispánica (Galego-Portugués) pola Universidade da Coruña, é profesor do IES Lucus Augusti (“O Masculino”), de Lugo. Ten publicados varios estudos sobre a obra de Manuel María, recollidos uns en volumes colectivos como *Manuel María da Terra Cha* (Citania, 1995), *Historia da Literatura Galega* (A Nosa Terra-AS-PG, 1997) ou *Manuel María* (A. C. Xermolos, 2001); e outros en revistas como *Vértice* (Coimbra, 1974), *Follas secas* (Ourense, 1985), *Mundaiz* (Guipúzcoa, 1987), *Grial* (2002), etc. É, tamén, responsable das escolmas *Manuel María. Versos de 30 outonos (1950-1979)* (Edicións Xistral, 1981) e *Antoloxía poética. Manuel María* (A Nosa Terra, 1997). Actualmente, coordina a publicación de *Xistral* (Revista Lucense de Creación Poética), que edita o Concello de Lugo desde o ano 2000. Libros publicados: *Manuel María: os traballoos e os días* (Edicións Laiovenzo, Santiago, 2001), *Orientacións para o uso dos signos de puntuación* (Baía Edicións, A Coruña, 2002), *Bibliografía de Manuel María* (Fundación Manuel María, Vilalba, 2003), *A Terra Chá na poesía de Manuel María. Rotas culturais para unhas viaxes poéticas* (Fundación Manuel María, Vilalba, 2003) e *O tempo vital de Manuel María. Crónica sociolingüística* (A Nosa Terra, Vigo, 2005). No plano teatral, é autor de cinco pezas, áinda inéditas, pero xa estreadas por diversos grupos de teatro afeccionado (*Historia dun espantallo*, *Unha luz na noite*, *Auto do “sí, señoría”*, *Historia dunha experiencia teatral* e *A sala de xuntas*) e ten dirixido o G.T. da Asociación Cultural Castelao de Monforte (1972-1973), o G.T. “O Espantallo” do Colexio La

Merced de Sarria (1975-1977) e a Aula de Teatro do IES Lucus Augusti, de Lugo (1980-1999). E de cando en vez, colabora nalgúnha das montaxes do G.T. “Achádego”, de Lugo.

## Martín, Paco

Lugo, 1940. Mestre de escola exercendo dende 1961 ata o 2000. Foi director do suplemento Axóuxere — Semanario do neno galego — publicado no xornal *La Región* de Ourense nos anos 1974-1975. Recibiu premios como *O barco de Vapor* (1984), *Losada Diéguez* (1985), *Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil* (1986), *IBBY Honour List* (1986). Foi incluído nos *White Ravens* (1988) e mais nos de 1990 da *Internationale Jugendbibliothek*. Membro do consello de redacción de *A trabe de ouro*, columnista periódico en *El Progreso* de Lugo e *Diario de Pontevedra*. Participou nuha chea de volumes colectivos, impartiu conferencias e foi ponente en congresos, colaborou en prensa, radio, TV, leu pregóns, etc. e moitas, moitísmas, más cousas.

## Martínez, Suso

Lugo, 1962. Ata os 44 anos non tomou en serio a fotografía. Estudou e formouse en Lugo, dedicándose profesionalmente a actividades comerciais en diferentes empresas. Foi axente comercial de Prodesin (deseño web e multimédia) e fixo produción e venda de fotografía esférica e percorridos panorámicos. Compaxina actividades como a produción de fotografía panorámica e a de axente comercial autónomo de Imaxina Deseño (audiovisual e infografía 3d). Axudante de produción e comercialización do documental “O Mariscal” (Productora Imaxina) 2006-2007. Promotor do portal [www.degalicia.es](http://www.degalicia.es), sitio web para a promoción da nosa terra e da nosa lingua mesturando a imaxe e a palabra, onde atoparedes fotografías panorámicas da nosa Comunidade ás que podedes acceder dende unha ligazón na aplicación de Google Maps.

## Tonhito de Poi

Antonio Ageitos Ares naceu 1969 en Poi, Ribeira (A Coruña). Estudiou no Sagrado Corazón de Jesús de Castiñeiras. Con 17 anos embarca como engrasador no Mar Antillas, un barco de arrastre e estudia para sacar o título de Patrón de Altura por libre entre Vigo e Coruña. En 1992 forma *Heredeiros da Crus*, co que estivo 14 anos e sacaron 8 discos revolucionando o panorama musical galego. Aproveita a súa estadía en terra para estudar Psicología na U.N.E.D. En 1995 comeza a traballar como guionista e actor na T.V.G. (Super Martes, Luar, Con Perdón, Rías Baixas, Os Tonechos... etc) En 2005 deixa o guión e actuación para ir vivir a Porto e consolidar A Banda de Poi que sacou un único disco (Mor) no que estivo traballando 3 anos. Na actualidade volveu ó mundo audiovisual galego e cun novo grupo: *Rasa Loba*, e co seu primeiro disco “Instinto” están de xira por Galiza e Portugal.

.....